



| Guía Docente          |   |                    |                  |          |
|-----------------------|---|--------------------|------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                  | 2019/20  |
| Asignatura (*)        | Interpretación do Patrimonio  | Código             | 662G01038        |          |
| Titulación            | Grao en Turismo   |                    |                  |          |
| Descritores           |   |                    |                  |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo             | Créditos |
| Grao                  | 2º cuatrimestre   | Segundo            | Optativa         | 6        |
| Idioma                | CastelánGalego  |                    |                  |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                  |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                  |          |
| Departamento          |   |                    |                  |          |
| Coordinación          | Lezcano González, Mª Elvira   | Correo electrónico | m.lezcano@udc.es |          |
| Profesorado           | Lezcano González, Mª Elvira   | Correo electrónico | m.lezcano@udc.es |          |
| Web                   |   |                    |                  |          |
| Descrición xeral      | <p>Esta materia pretende aproximar aos alumnos á Interpretación como método de difusión do patrimonio natural e cultural ao público, así como facer que se familiaricen coas principais técnicas empregadas no citado método e que aprendan a levar á práctica o seu uso a través da planificación interpretativa.</p> <p>Ademáis de proporcionar uns coñecementos básicos e xerais sobre a materia, preténdese analizar a Interpretación na súa relación co ámbito turístico e a súa aplicación no terreo laboral.</p> |                    |                  |          |

| Competencias / Resultados do título |   |
|-------------------------------------|---|
| Código                              | Competencias / Resultados do título   |
| A1                                  | Comprender os principios do turismo: a súa dimensión espacial, social, cultural, política, laboral e económica.       |
| A2                                  | Analizar a dimensión económica do turismo.  |
| A3                                  | Comprender o carácter dinámico e evolutivo do turismo e da nova sociedade do lecer.                                   |
| A4                                  | Coñecer as principais estruturas político-administrativas turísticas.   |
| A5                                  | Converter un problema empírico nun obxecto de investigación e elaborar conclusións.                                   |
| A6                                  | Ter unha marcada orientación de servizo ao cliente.   |
| A8                                  | Avaliar os potenciais turísticos e a análise prospectivo da súa explotación.  |
| A10                                 | Xestionar os recursos financeiros.  |
| A13                                 | Manexar técnicas de comunicación.   |
| A18                                 | Identificar e xestionar espazos e destinos turísticos.  |
| A19                                 | Xestionar o territorio turístico de acordo cos principios de sustentabilidade.  |
| A23                                 | Analizar os impactos xerados polo turismo.  |
| A24                                 | Utilizar e analizar as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) nos distintos ámbitos do sector turístico. |
| A26                                 | Planificar e xestionar os recursos humanos das organizacións turísticas.  |
| A27                                 | Comprender o funcionamento dos destinos, estruturas turísticas e os seus sectores empresariais no ámbito mundial.     |
| A28                                 | Coñecer os obxectivos, a estratexia e os instrumentos públicos da planificación.                                      |
| A29                                 | Traballar en medios socioculturais diferentes.  |
| A30                                 | Coñecer as principais iniciativas de posta en valor do patrimonio cultural.   |
| A31                                 | Comprender as características da xestión do patrimonio cultural.  |
| A32                                 | Detectar necesidades de planificación técnica de infraestruturas e instalacións turísticas.                           |
| A33                                 | Creatividade.   |
| A34                                 | Iniciativa e espírito emprendedor.  |
| A35                                 | Motivación por calidade.  |
| B1                                  | Capacidade de análise e síntese.  |
| B2                                  | Comunicación oral e escrita en lingua nativa.   |
| B3                                  | Resolución de problemas.  |
| B4                                  | Razoamento crítico.   |
| B5                                  | Compromiso ético.   |



|    |  |
|----|--|
| B6 | Aprendizaxe autónoma.  |
| B7 | Adaptación a novas situacións.   |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.  |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.   |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |

| Resultados da aprendizaxe  |   |  |          |
|--|---|--|----------|
| Resultados de aprendizaxe  | Competencias / Resultados do título                             |  |          |
| Coñecer e comprender o concepto de Interpretación do Patrimonio      | A1<br>A3<br>A6<br>A27<br>A30<br>A31                             | B1<br>B5                               | C2       |
| Aprender a historia e filosofía da Interpretación                    | A1<br>A3<br>A6<br>A8<br>A19<br>A30<br>A31                       |  |          |
| Estudiar os principios de Interpretación e a súa aplicación práctica | A1<br>A3<br>A6<br>A13<br>A19<br>A27<br>A30<br>A31<br>A33<br>A34 | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B7       | C2<br>C4 |
| Traballar a creatividade   | A6<br>A8<br>A13<br>A24<br>A33<br>A34<br>A35                     | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7 | C5       |



|  |   |  |  |
|--|---|--|--|
| Coñecer as principais técnicas empregadas habitualmente na Interpretación          | A1<br>A3<br>A6<br>A8<br>A24<br>A30<br>A31<br>A32<br>A33   |  |  |
| Coñecer os diferentes criterios de avaliación e a súa aplicación práctica          | A1<br>A3<br>A8<br>A13<br>A23<br>A24<br>A30<br>A31<br>A32<br>A33<br>A35  | B1<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7             |  |
| Aprender a aplicar correctamente os principais medios empregados en Interpretación | A1<br>A3<br>A5<br>A6<br>A8<br>A10<br>A13<br>A18<br>A19<br>A23<br>A24<br>A26<br>A29<br>A30<br>A31<br>A33<br>A34<br>A35 | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7 |  |



|   |  |  |                                  |
|---|--|--|----------------------------------|
| Aproximarse ás fases da planificación con especial atención ao cálculo do potencial interpretativo dos recursos | A1<br>A3<br>A5<br>A6<br>A8<br>A13<br>A18<br>A23<br>A29<br>A30<br>A31<br>A32<br>A33<br>A35                                    | B1<br>B3<br>B4<br>B5<br>B7             |                                  |
| Saber planificar un percorrido baseado na interpretación secuencial e temática                                  | A1<br>A3<br>A5<br>A6<br>A8<br>A13<br>A18<br>A19<br>A23<br>A24<br>A26<br>A28<br>A29<br>A30<br>A31<br>A32<br>A33<br>A34<br>A35 | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7 | C1<br>C3<br>C4<br>C6<br>C7<br>C8 |
| Recoñecer a interpretación como un eficaz instrumento de xestión do patrimonio cultural e natural               | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A6<br>A8<br>A13<br>A18<br>A19<br>A23<br>A28<br>A29<br>A30<br>A31<br>A32<br>A34<br>A35                |  |                                  |



| Contidos                                      |   |
|---|---|
| Temas   | Subtemas  |
| 1. A Interpretación do Patrimonio             | 1.1. Concepto e definición<br>1.2. Principios e filosofía<br>1.3. Historia<br>1.4. Finalidades e obxectivos<br>1.5. Creatividade  |
| 2.Principais técnicas interpretativas         | 2.1. Técnicas in situ ou fora do sitio<br>2.2. Clasificacións<br>2.2.1. Clasificación de Stewart<br>- Medios non persoais<br>- Medios persoais<br>2.2.2. Clasificación de Pennyfather<br>2.3- Criterios de avaliación |
| 3.A Interpretación como forma de comunicación | 3.1.Comunicación e Interpretación<br>3.2.Interpretación secuencial e temática<br>3.3. O modelo TORA   |
| 4. A planificación interpretativa             | 4.1. O proceso de planificación<br>4.2. Fases<br>4.3. A interpretación como instrumento de xestión  |

| Planificación            |   |   |                         |              |
|--------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas    | Competencias / Resultados   | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais     | A1 A13 A27 A29 A33<br>A34 A35 B1 B2 B3 B7<br>C1   | 2                                       | 2                       | 4            |
| Aprendizaxe colaborativa | A2 A3 A5 A6 A8 A13<br>A18 A23 A30 B4 B5<br>B6 C2 C3 C4 C7                               | 5                                       | 10                      | 15           |
| Recensión bibliográfica  | A1 A3 A5 A30 A31<br>A32 A33 A35 B1 B2<br>B4 B5 B6 C1 C4 C6<br>C7 C8                     | 2                                       | 10                      | 12           |
| Saídas de campo          | A1 A2 A3 A4 A5 A6<br>A8 A18 A29 A30 A31<br>A32 A33 A35 B1 B4<br>B5 B6 B7 C4 C5 C7<br>C8 | 12                                      | 12                      | 24           |
| Sesión maxistral         | A1 A2 A3 A4 A6 A8<br>A23 A28 A30 A31<br>A32 A33 A35 B4 C4<br>C5 C8                      | 18                                      | 18                      | 36           |



|                        |  |   |    |    |
|------------------------|--|---|----|----|
| Simulación             | A5 A6 A8 A10 A13<br>A18 A19 A23 A24<br>A26 A28 A29 A31<br>A32 A33 A34 A35 B1<br>B2 B3 B4 B5 B6 B7<br>C1 C3 C4 C5 C6 C7<br>C8 | 5 | 30 | 35 |
| Traballos tutelados    | A1 A2 A3 A8 A23 A24<br>A28 A29 A30 A31<br>A32 A33 B1 B2 B4 B6<br>C1 C3 C4 C7 C8  | 2 | 20 | 22 |
| Atención personalizada |  | 2 | 0  | 2  |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías             |   |
|--------------------------|---|
| Metodoloxías             | Descrición  |
| Actividades iniciais     | Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.  |
| Aprendizaxe colaborativa | Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.   |
| Recensión bibliográfica  | A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia.                             |
| Saídas de campo          | Actividades desenvolvidas nun contexto externo ao contorno académico universitario (empresas, institucións, organismos, monumentos, etc.) relacionadas co ámbito de estudo da materia. Estas actividades céntranse no desenvolvemento de capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a recollida de información, o desenvolvemento de produtos (bosquexos, deseños, etc.), etc.   |
| Sesión maxistral         | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.<br>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóse reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.   |
| Simulación               | Consiste na representación dun fenómeno de natureza física, técnica ou psicolóxica, que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que si se levara a cabo sobre o orixinal ou na realidade. Ponse ao suxeito ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación. |
| Traballos tutelados      | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.<br>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.   |



## Atención personalizada

| Metodoloxías                      | Descrición   |
|-----------------------------------|--|
| Traballos tutelados<br>Simulación | Con respecto a estas dúas metodoloxías o alumno pode precisar unha atención personalizada, aínda que parte do traballo será desenvolto nas aulas, onde a profesora poderá resolver as dúbidas que aparezan |

## Avaliación

| Metodoloxías            | Competencias / Resultados  | Descrición  | Cualificación |
|-------------------------|--|---|---------------|
| Traballos tutelados     | A1 A2 A3 A8 A23 A24<br>A28 A29 A30 A31<br>A32 A33 B1 B2 B4 B6<br>C1 C3 C4 C7 C8  | No transcurso da materia a profesora proporá dous traballos individuais, que servirán de reflexión persoal do traballado na clase. Cada un deles computará un 20% da nota final   | 30            |
| Recensión bibliográfica | A1 A3 A5 A30 A31<br>A32 A33 A35 B1 B2<br>B4 B5 B6 C1 C4 C6<br>C7 C8  | Todos os alumnos deberán presentar no primeiro mes de impartición da materia unha recensión bibliográfica (a partir dunha ficha de lectura proposta pola profesora) do libro de Freeman Tilden La interpretación de nuestro patrimonio; | 20            |
| Saídas de campo         | A1 A2 A3 A4 A5 A6<br>A8 A18 A29 A30 A31<br>A32 A33 A35 B1 B4<br>B5 B6 B7 C4 C5 C7<br>C8                                      | A asistencia ás saídas de campo é unha obriga e computará o 10% da nota a valoración posterior que os alumnos farán das mesmas  | 10            |
| Simulación              | A5 A6 A8 A10 A13<br>A18 A19 A23 A24<br>A26 A28 A29 A31<br>A32 A33 A34 A35 B1<br>B2 B3 B4 B5 B6 B7<br>C1 C3 C4 C5 C6 C7<br>C8 | Trátase dun traballo en grupo, no que se simula unha visita guiada sobre o terreo baseada na interpretación secuencial e temática.  | 40            |

## Observacións avaliación

É de grande importancia nesta materia, a asistencia e participación nas actividades desenvoltoas no seu transcurso. Trátase dunha materia eminentemente práctica, polo que o traballo continuado do alumnado ten especial importancia. Non existe proba escrita, tipo exame, senón que a cualificación obténse dunha suma de traballos e actividades prácticas. Os traballos han presentarse nas datas indicadas pola profesora. De non ser así, non serán recollidos en entregaranse na oportunidade de xullo.

O alumnado que non asista, como mínimo, ao 75% das clases e que non poda xustificar as faltas segundo o criterio do centro, terá que presentar os traballos escritos igualmente, pero non entrarán no cómputo final. A materia avaliarase a través dun examen e toda a materia que computa o 100% da nota.

## Fontes de información



|   |   |
|---|---|
| <p><b>Bibliografía básica</b></p>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- CROSBY, A. et al. ( 1994). Interpretación ambiental y turismo rural. Centro Europeo de Formación Ambiental y Turística, Madrid</li> <li>- GONZÁLEZ, M., LEZCANO, M.E., e SERANTES, A. (2014). Interpretación do Patrimonio Artístico. Guía para profesionáís do turismo. CEIDA. Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, Oleiros</li> <li>- HAM, S (1992). Interpretación Ambiental. Una Guía Práctica para gente con grandes ideas y pequenos presupuestos. North American Press, Colorado.</li> <li>- HAM, S. (2014). Interpretación: para marcar la diferencia intencionadamente. North American Press, Colorado.</li> <li>- LEIRA, J. (2011). &amp;quot;La interpretación necesaria en el Turismo Cultural. De los principios de Tilden a los procesos actuales&amp;quot;. En: Teoría sociológica y turismo. Álvarez Sousa, A., (Ed.). Netbiblo, Oleiros (A Coruña).</li> <li>- LEZCANO GONZÁLEZ, M.E. (1999). &amp;quot;Novas tendencias en Museoloxía: A Interpretación do patrimonio&amp;quot;.. En: Actas do congreso Desenvolvemento Municipal do Turismo, Universidade da Coruña, A Coruña.</li> <li>- LEZCANO GONZÁLEZ, M.E. (2011). &amp;quot;El Sanatorio Riazor, una auténtica experiencia interpretativa&amp;quot;. En: Boletín de Interpretación nº 25, AIP. &amp;quot;<a href="http://www.interpretaciondelpatrimonio.com/boletin&amp;q">http://www.interpretaciondelpatrimonio.com/boletin&amp;q</a></li> <li>- MIRÓ, M. (2000). &amp;quot;El patrimonio en busca de su lugar en el mundo. Una reflexión sobre los modelos de puesta en valor del patrimonio en España&amp;quot;. En: O patrimonio e a cultura proxectual. Un diálogo necesario.. Deputación Provincial de Lugo, Lugo.</li> <li>- MORALES MIRANDA, J. (1998). Guía práctica para la interpretación del patrimonio. Consejería de Cultura, Junta de Andalucía, Sevilla.</li> <li>- PADRÓ, J. (2000). &amp;quot;La gestión del patrimonio. Una perspectiva territorial&amp;quot;. En: O patrimonio e a cultura proxectual. Un diálogo necesario. Leira, X. y Méndez, R. (Coords.). Deputación provincial de Lugo, Lugo</li> <li>- SERANTES PAZOS, A. (2005). Guía dos equipamentos para a Educación Ambiental na Galiza. CEIDA, A Coruña</li> <li>- TILDEN, F. (2006). La interpretación de nuestro patrimonio.. Asociación para la Interpretación del Patrimonio, Sevilla.</li> <li>- VEVERKA, J. (1994). Interpretive Master Planning. Acorn Naturalists, California</li> </ul> <p>? <a href="http://www.interpretaciondelpatrimonio.org">www.interpretaciondelpatrimonio.org</a>. No seguinte enlace pódese descargar unha guía dos principais recursos bibliográficos existentes nesta materia:<br/> <a href="http://www.mapama.gob.es/es/ceneam/recursos/pag-web/guia-lecturas-interpretacion_tcm7-437131.pdf">http://www.mapama.gob.es/es/ceneam/recursos/pag-web/guia-lecturas-interpretacion_tcm7-437131.pdf</a> En Moodle aparecerán colgados diversos documentos e enlaces procedentes de la red.</p> |
| <p><b>Bibliografía complementaria</b></p> |   |

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

Trátase dunha materia bastante práctica, polo que a asistencia e participación son fundamentais.

(\* ) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías



